

QUEDADAS NO MUSEO

Resume das xuntanzas no Museo de Historia Natural da SGMN en Ferrol e adianto da seguinte do 19 de abril



Abril 2024 — nº 5

Resume da actividade

(05/04/2024)



Logo dun breve parón por mor da conferencia sobre a **Lagoa de Sobrado**, á volta da Semana Santa ofrecimos xa esta 5ª xornada das QnM.

Nesta ocasión contamos cos integrantes do *Proyecto “Karl Johan”*, que, tal como é costume, ao seren eles os convidados, foron os que abriron esta QnM dando a coñecer o seu interesante proxecto familiar da man de Pablo e Perico Perales. Ao parecer, o nome do proxecto vén dado por ser o nome que reciben en Dinamarca os *Boletus edulis*, uns cogomelos comestibles cos que están a pretender –e xa comezando a lograr– a súa produción.

Ao mesmo tempo que os producen, están a erradicar especies alóctonas como son os eucaliptos, ás que substitúen por autóctonas como son os carballos.

Ao longo da súa exposición, puidemos coñecer o xeito de traballar e a loxística, así como a ilusión no seu interesante proxecto, ao que sen dúbida dende o MHNF desexámoslles o mellor!




Boletus edulis (CC BY-SA 4.0)

Imaxe de Jovana Koturov

<https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=63882784>


Ao final da exposición de Perico e Pablo, ofreceron o habitual momento para atender as consultas e abrir debate ao respecto do seu proxecto, de maneira que puidemos coñecer as dúbidas por parte do público con este mesmo tipo de inquiredanzas, aos que os ponentes non dubidaron en animar a apostar por este xeito de recuperación forestal.



De seguido, o socio Manuel Arzúa falounos de Wildbook, unha web que resulta moi interesante para poder identificar individuos de píntegas, a partir dos seus patróns únicos de manchas.

Manuel convidounos a participar subindo as nosas imaxes destes animais referenciadas xeográficamente. Polo visto é unha ferramenta moi potente que aplica algoritmos de visión, polo que serve para identificar e rastrexar estes animais de xeito individual por medio de centos de miles de fotos, identificándoos polas súas manchas.

Algo moi interesante, tendo en conta que estamos a falar de especies moi lonxevas.




Manuel Arzúa durante a súa exposición

Durante a conversa con Manuel coñecemos tamén outros programas de identificación individual usando patróns de coloración, como *Hotspotter*, *I3S-Pattern*, *WildID* para o seguimento doutros grupos animais caracterizados por patróns de cor, tal é o caso actual do lince, e tamén plantexamos o seu uso para estudo e seguimento doutros animais como é *Eurynebria complanata*.

Logo da presentación de Manuel, houbo momento para unha breve exposición por parte do socio Pablo Torrella, quen compartiu co público mapas e outras imaxes históricas de Ferrol e Ferrolterra do século XIX.

Durante a súa proxección puidemos coñecer como era a cidade e a bisbarra por aquel entón, como é o caso da ría, dos estaleiros e das parroquias limítrofes coa cidade.



Plano de la villa y arsenales del Ferrol (18—?). Escala [ca. 1:928], 50 varas [=4,5 cm]

Do que falaremos na vindeira QnM (19/04/2024)

- Unha colaboración nun proxecto de inventario das avelaíñas ibéricas.
- *Epicollet 5.*– Unha App para marcar puntos de interese para participación cidadá
- Novas, eventos, e moitas cousas máis...

As QnM son actividades gratuítas e abertas a todo tipo de público con este tipo de inquiredanzas: persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre, público do tipo familiar, xuvenil e infantil...

VÉN E PARTICIPA!

